

# BÁGOAS, PORQUE NON HAI PALABRAS

NA PRAIA DO ORZÁN, UNHA MULLER ESTOMBALLADA BAIXO O SOL TRATA DE EXPLICAR A PRESENZA DE VELLO E MALTRATADORES NA SÚA VIDA. É A NOVA NOVELA DE MARTÍNEZ OCA

Unha muller, 32 anos, toma o sol na praia do Orzán, estomballada, parece adurmiñada, só aparentemente: «Intento afastarme de min agarimada pola caricia do sol e case empezo a conseguilo. O corpo languidece, larga amarras, frouxo, na area. Esquézome. As ondas tomaron o día de descanso, está o mar calado nun ir e vir case imperceptible. Os pensamentos soben e baixan agora como un bambán. Como serei vista desde fóra de min?». Desde fóra, a protagonista da nova novela de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) vese de moi distintas maneiras, que ela vai lembrando baixo o sol. É un longo monólogo que arrinca cando viaxa a cidade porque acaba de morrer súa nai e vai lembrando páxinas dunha vida, pequenas historias de feitos e xentes que ten ao seu arredor. Unha amiga dille que se ten que afastar dos vellos e buscar mozos (saíu con Eduardo, 25 anos máis vello, e agora vive con Santiago, que lle leva uns 17 anos e xa lle puxo a man enriba un par de veces, algo que ela xa vivira co seu padrasto e súa nai).

Martínez Oca, que con esta novela gañou o premio Rubia Barcia Cidade de Ferrol, vai achegando con habelencia ao lector a vida desta muller, son pequenas pinceladas que sorprenden, que enganchan, que asombran pola dureza que agachan, comentarios de amigas, lembranzas de alguén que entra no seu cuarto e ponlle as mans enriba contra a súa vontade, plans de futuro dun feixe de alumnas do instituto nos que ela sorprendía dicindo que soñaba cunha casa na que puidese estar «soa, soa, soa». As




NOVELA

## «Como paxaro caído do niño»

Xosé Manuel Martínez Oca. Baía Edicións. 112 páxinas. 9.50 euros. \*\*

**Oca narra cousas xeniais: «No galiñeiro había unha galiña que se ría de min. Mirábame así de lado, cun ollo cheo de maldade, e ríase entre sacudidas do pescozo»**



KOPA

Martínez Oca gañou o premio Rubia Barcia con esta novela

amigas non o entendían, algunha sigue sen entendela agora, porque o que oculta é tan forte que se lle fai imposible poñelo en palabras. Por iso, se alguén se achegara esta muller tirada na area podería ver, as veces, bagoas caendo polas súas meixelas; son a única linguaxe coa que sabe explicar algúns pasaxes da súa vida, esa existencia para a que agora non atopa sentido e que a atemoriza ata nos seus sonhos: «Chego náufraga a unha illa cando vou de viaxe ao enterro de mamá e nesa illa tiña que estar eu para esperar por min e descubro que non hai ninguén, descubro que non estou, quedarei alí soa para sempre. Soa para sempre, soa para sempre. Eu non estou».

Máis que a tristeza propia de situacións durísimas, arrincadas da sección de sucesos dos xornais, a novela de Oca rezouma melancolía, desesperanza, pero retrata moi ben unha sociedade mergullada na sensualidade na

que calquera broma sobre o sexo pode ser mal interpretada, como lle pasa a protagonista cunha amiga, da que acaba sospeitando que é lesbiana, cando a muller presume do contrario.

Oca conta algunhas pequenas cousas de forma xenial: «No galiñeiro había unha galiña que se ría de min. Mirábame así de lado, cun ollo cheo de maldade, e ríase entre sacudidas do pescozo». Por iso a moza non quería ir a aldea.

O achegamento que vai facendo Oca a vida de Minucha remata de xeito sorprendente, pero tamén esperanzador para moitas mulleres coma ela: «O apartamento é meu, o traballo é meu, a miña vida é miña, ou intento que sexa miña, e non quero acabar da triste maneira que acabou a miña nai, escrava e escravizadora ao longo da súa existencia». Por iso, «aférrome á crenza de que aínda me é posible a resurrección».

**M. Rodríguez**